



NARÓN

MOCIÓN PARA INSTAR Á XUNTA DE GALIZA AO ARRANXO DAS DEFICIENCIAS DO IES TERRA DE TRASANCOS

Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

O IES Terra de Trasancos é un centro de preto de 40 anos que manifesta diversas eivas na súa estrutura, sendo agora mesmo as máis graves as da rede de tubaxes de auga e o tellado.

O curso 2024-2025 desde a dirección do centro comunicaron á Consellería de Educación graves problemas coas tubaxes debido a fugas en distintos puntos da instalación de fontanería, o que implica un gran incremento no recibo da auga, e non só iso, se non tamén o custe das facturas de profesionais que continuamente veñen parchear as tubaxes, algo insalvabel mentres non se mude a rede ao completo. Isto viuse agravado ao comezo do curso no que estamos, ao producirse de novo a rotura da tubaxe de entrada de auga no edificio (arraxada no mesmo punto o curso anterior pola unidade técnica) e sendo algo que afectou á vida diaria do centro por atoparse sen auga varios días e verse na situación de non poder facer uso dos baños e non ter auga para a correcta limpeza do centro. Como dín os técnicos de COSMA e os profesionais que fan as reparacións no centro, a vida útil da rede de tubaxes chegou ao seu fin e mentres non se mude isto vai supoñer un impacto negativo para o centro polo sobrecuste e polo desenrolo da actividade diaria.

Outra das grandes eivas, e que supón un grave perigo, son as tellas que se atopan fóra do seu sitio e soltas polo tellado adiante. Xa se viron anacos das mesmas tirados polo patio e agora que chegan os ventos, xa que imos cara o inverno, en calquera momento se pode producir un desprendemento que pode producir un accidente tanto no patio do edificio coma na contorna máis próxima a el. Ademais disto é moi posíbel que nas zonas onde non están as tellas a cubrir o tellado se produzan pingueiras que afectarán ás aulas.

Narón conta con outro instituto, o Telleiras, un edificio de 40 anos que se atopa nun estado lamentábel estruturalmente. Tanto as zonas comúns como as aulas están cheas de baldes para recoller a auga das pingueiras do tellado, ao igual que as zonas cubertas do patio onde cae a auga pola beira das lámpadas, algo que representa un grave perigo.

Por todo isto, SOLICITAMOS ao pleno de Narón a aprobación dos seguintes ACORDOS:

- 1.-** Instamos ao Goberno de Narón a que solicite á Xunta de Galiza que se faga un informe das eivas do IES Terra de Trasancos e se proceda ao seu arranxo.
- 2.-** Instamos á Xunta de Galiza a que dote orzamentariamente as obras de carácter maior precisas no centro e que se dea prioridade ás seguintes:
 - 2.1-** Cambio da rede de tubaxes do centro.
 - 2.2-** Reparación integral do tellado.
- 3.-** Instar ao Goberno de Narón a que solicite da Xunta de Galiza que faga un informe das deficiencias do IES Telleiras e que proceda ao seu arranxo de xeito urxente, dando prioridade ás de carácter maior.

Narón, 17 de novembro de 2025

Asdo. Olaia Ledo Díaz

76364260M